

CADERNOS MATEUS DOC

05
FRONTEIRA
FRONTIER

FRONTIER
FRONTIER
FRONTIER
FRONTIER

Mateus
18, 19 e 20 de outubro 2013
Instituto Internacional
Casa de Mateus

IICM

CADERNOS MATEUS DOC

05

Fronteira
Frontier

Mateus
18, 19, 20 de out. 2013
Instituto Internacional Casa de Mateus



Índice Table of Contents

04	O IICM The IICM
06	O Programa Mateus DOC The Mateus DOC Program
08	O Seminário na Casa de Mateus The Casa de Mateus Seminar
11	Prefácio <i>Acerca da notícia manifestamente exagerada do desaparecimento das fronteiras nacionais,</i> General José Alberto Loureiro dos Santos <i>Introdução,</i> Roberto Merrill e Bruno Pinto
29	I · Fronteira e Segurança <i>As fronteiras da imigração, crime e “crimigração”,</i> Maria João Guia <i>Fronteira de desigualdade e o controlo sem fronteiras,</i> Diana Miranda
51	II · Economia de Fronteira <i>Fronteira, língua e cultura – para uma economia das trocas fronteiriças,</i> Sérgio Ferreira <i>As Fronteiras e o Turismo,</i> Xerardo Pereiro

85

III · Fronteira e Alteridade

Tornando-se fronteira, análise de políticas de identidade e espaciais em Diu, Nuno Grancho

A (de)composição analítica das fronteiras,
Hugo M. Oliveira

107

IV · Conhecimento Transfronteiriço

Unha reflexión sobre a fronteira da galicia moderna, Rubén Castro Redondo

Culture Research – Digital Humanities: (de-)construindo as fronteiras da produção/difusão do conhecimento, Rosario Mascato Rey

127

V · Ciência e Fronteira

Comunicação de ciência – uma área de Fronteira,
Bruno Pinto

A Fronteira entre a Ciência e a falsa Ciência é clara,
David Marçal

149

Notas Biográficas

Biographical Notes

156

A Agenda do Mateus DOC V

The Mateus DOC V Agenda

IV. Conhecimento Transfronteiriço

Rubén Castro Redondo e Rosario Mascato

Na última jornada do Mateus DOC V, as fronteiras físicas discutidas no dia anterior, tornaram-se de maior complexidade, passando a ser discutida a construção da ideia de pertença identitária a uma comunidade conformada a partir da sequenciação espacial e temporal dos poderes administrativos sobre um determinado território, com o exemplo do entorno da raia seca entre a Galiza e Portugal na Idade Moderna, época na que a multiplicidade de limites de imposição (especialmente tributária) deriva numa utilização meramente utilitária (sobretudo em termos económicos) de parte dos habitantes deste espaço.

Por outra parte, mais alá das fronteiras físicas, territoriais e administrativas, debatidas amplamente nas anteriores sessões, acrescentou-se uma nova perspetiva: a dos controversos limites entre disciplinas académicas no âmbito investigador, nomeadamente no das Humanidades, submetidas ao escrutínio público no que diz respeito a sua rendibilidade (especialmente económica) em tempos de crise.

Unha reflexión sobre a fronteira da Galicia moderna

Rubén Castro Redondo

1. A fronteira como novidade historiográfica

Os estudos fronteirizos na época moderna non contan cunha longa tradición ás súas costas. En realidade, só a partires da década de 1970 a fronteira consegue atraer a un número cada vez maior de traballos que reflexionan sobre este espazo no Antigo Réxime. Varios factores explican este crecente interese polo fenómeno fronteirizo, os mesmos que o conseguiron upar ata convertelo hoxe en día nunha moda historiográfica ou tema recorrente.

En primeiro lugar, os propios acontecementos políticos europeos do presente. No caso español as datas máis precisas levaríanos dende a Transición Democrática (1975-78) ata a entrada – ó mesmo tempo que Portugal – na Unión Europea (1986). Ambos acontecementos agochan no caso de España certo paradoxo: ó mesmo tempo que desaparecen as fronteiras externas con Portugal e Francia – o control tradicional aduaneiro vese substituído pola libre circulación entre países – prodúcense novos límites interiores coa creación das Comunidades Autónomas, no marco da renovación administrativa do territorio estatal. Sexa como for, os historiadores españois retrotraeron as cuestións relativas ás fronteiras territoriais á Idade Moderna.

Non foron nin os primeiros nin os únicos. O medievalismo creara arredor do feito fronteirizo co Islam unha das grandes liñas explicativas da súa disciplina, periodizando as etapas precisamente pola posición xeográfica do límite entre cristiáns e musulmáns.

O certo é que á altura de 1970 a historiografía modernista imperante en España e Portugal non contaba entre os seus intereses coa análise fronteiriza. A escola francesa de *Annales* -predominante no modernismo de ambos países – propuxo dende a súa creación nos anos vinte do S. XX uns principios metodolóxicos que trataban de comprender as sociedades modernas a partir do estudio dos seus caracteres estruturais: poboación, economía

e sociedade. Así as cousas, baixo esta perspectiva non se podía atender á demanda que propoñemos e que só se atendeu renovando o panorama historiográfico precedente.

Velaquí unha mostra do traballo que resta por facer.

2. Claves para o estudio da administración territorial na Galicia Moderna

Se algo caracteriza á administración territorial da Idade Moderna en Galicia é a súa heteroxeneidade. Dende o século XVI ata 1833 o Reino de Galicia aparece dividido en sete provincias baixo as cales se estende unha complexa e densa rede de xurisdicións, partidos, terras e cotos, que dan conta da fragmentación administrativa do territorio. As fontes censais da coroa de Castela na segunda metade do S. XVIII permítennos ós historiadores achegarnos de primeira man á realidade administrativa de cada poboación para a etapa final do Antigo Réxime.

O poder real tivo que lidar durante toda a modernidade cos poderes xurisdicionais para impoñer, con maior ou menor fortuna, a súa política. Segundo o Intendente Bañuelos (Saavedra Fernández, 2013: 16 e ss.), a finais do S. XVIII Galicia contaba nada máis e nada menos que con 664 xurisdicións e 496 coutos, que a priori serían os encargados de seguir conducindo a comunicación -que deixamos á altura das provincias- entre o monarca e o individuo, e viceversa. A caótica situación non era descoñecida a esa altura para os contemporáneos, que incluso denunciaban semellante atomización (Herbella de Puga, 1767; Lucas Labrada, 1804) para urxir á política a reformar o sistema xurisdiccional galego. O problema vai máis alá da complexidade de tratar con tal número de unidades administrativas, pois entre a variedade de termos xa sinalados únense unha manifesta heteroxeneidade nas súas funcións e unha continua modificación dos nomes e poboacións que representa cada unidade. Por exemplo, unha poboación podía pertencer a partidos fiscais diferentes segundo a taxa impositiva a recaudar. Coñecemos casos incluso nos que parroquias do Reino de Galicia contribúen segundo qué taxa nun partido fiscal castelán, rompendo por tanto a fronteira en materia fiscal.

Todas estas singularidades do sistema xurisdiccional de Galicia ían en contra da aplicación eficiente das políticas monárquicas, como tamén perxudican a labor dos historiadores á hora da investigación. Como resultado, a precisión territorial e poboacional que non aportan estas unidades administrativas civís para a etapa moderna obriga ós especialistas a acudir á administración eclesiástica; noutras palabras: coa análise dos partidos civís non se obteñen resultados rigorosos.

Pola contra, a parroquia sí nos permite unha análise máis rigorosa e precisa, por diferentes razóns. Esta unidade territorial mostra, no seu conxunto, unha permanencia inaudita durante todo o período moderno, difícil de imaxinar se contamos que á vez a poboación se multiplicou polo menos por cinco entre 1490 e 1800 (Saavedra, 2009: 77). Namentres, o número de parroquias apenas se modificou, contando arredor dunhas 3.600. A estabilidade do número de parroquias, a fidelidade do territorio que congregan baixo o sino da súa igrexa e incluso do seu nome son as vantaxes máis salientables dende o punto de vista do investigador con respecto ós partidos fiscais.

3. Proposta de análise: a fronteira na Galicia de finais do Antigo Réxime


Hoxe en día nos países occidentais entendemos a fronteira como a liña divisoria onde tódalas áreas do poder dun Estado converxen e se separan das mesmas áreas dun Estado diferente.

Da mesma maneira que os caracteres do poder condicionan a natureza das súas fronteiras, a análise destas últimas posibilita un coñecemento sobre o poder que delimitan. É dicir, o estudio das fronteiras dun poder permite indirectamente coñecer en qué momento de construción se atopa este último ou o control que exerce dende o centro sobre o territorio periférico.

O razoamento que serviu de estímulo para reflexionar sobre a fronteira da Galicia Moderna é simple, ¿qué aspecto administrativo estudar para coñecer ata ónde chegan os confíns do Reino de Galicia?, ¿podemos falar dunha fronteira para o mesmo reino onde se superpoñen tódolos límites de cada unha das estruturas administrativas presentes nesa periferia?

Propoñemos para esta reflexión os seguintes exemplos administrativos.

Por un lado, o territorio fiscal. Os datos que nos ofrece o Catastro de Ensenada para mediados do S. XVIII indícanos o partido e a provincia á que pertencen as distintas unidades de poboación a efectos fiscais – case sempre parroquias, con maior presenza dos “lugares” no territorio da actual provincia de Ourense –. Toda a xurisdición de Viana do Bolo contribúe coa provincia de Valladolid: un total de setenta poboacións – parroquias, pero tamén “lugares” – nos actuais concellos de Viana do Bolo, A Mezquita, O Bolo, Vilariño de Conso e A Gudiña. O resultado territorial da fiscalidade no borde ourensán sitúanos unha cantidade para nada insignificante de poboacións que a efectos impositivos non pertencen ó Reino de Galicia. Así, a fronteira que resulta retrotráese ata as inmediacións de Manzaneda.



En vermello, o territorio fiscal en Galicia que en 1753 contribúe na provincia de Valladolid.

En azul, os territorios actuais galegos que no momento do Catastro pertencían a tódolos efectos á provincia de León. Ademais, os enclaves do Couto Misto e os Povos Promiscuos.

A situación que se describe no Catastro caduca na década de 1780, pois no Nomenclátor de Floridablanca (1789) xa non se

1. A provincia de Tui, que tamén fai fronteira co Reino de Portugal, non é interesante para a análise actual dado que os seus límites están ben delimitados a estas alturas coas augas do Río Miño.

advirte tal situación. A investigación deberá atender de inmediato á orixe desta artificial administración, que non é exclusiva deste territorio galego. Os territorios fiscais da artificial provincia de Valladolid non gozan dun mínimo de continuidade, con partidos espallados e incrustados noutras provincias e, como é o caso, en provincias ben alexadas e coas que non compartiu nunca nin comparte líneas divisorias.

En segundo lugar, a administración territorial exercida dende os bispados. Non é unha novidade a estas alturas da investigación sinalar que a administración eclesiástica e civil non representan territorios iguais; non soamente existen dioceses que non teñen paralelo na articulación provincial (Astorga, para o noso caso), senón que provincias e dioceses que comparten nome non representan territorios idénticos.

Como dicimos, non é unha aportación novedosa nese sentido, pero si interesante para a nosa análise dos bordes e da súa identidade. Mostraremos brevemente que acontece nos extremos cara a Castela e Portugal das provincias de Mondoñedo, Lugo e Ourense respectivamente¹.

As provincias modernas de Mondoñedo e Lugo – actualmente provincia de Lugo – limitan ó leste coa coroa de Castela, sen cambios territoriais relevantes coa actualidade, agás pequenos enclaves e poboacións mixtas. Pola contra, as respectivas dioceses de Mondoñedo e sobre todo Lugo si presentan variacións importantes nos seus límites orientais, tanto en relación coas provincias do momento como coas mesmas dioceses na actualidade. O cambio fundamental é a penetración da diócese de Oviedo en Santiago de Ría de Abres e Santiago de Vilaodriz (provincia de Mondoñedo) e, sobre todo, no gran concello de Burón na provincia de Lugo. Expresándonos sobre un mapa actual, tódalas parroquias do concello de Negueira de Muñiz serían administradas polo bispo de Oviedo, ó igual que vinte das vinte e nove parroquias do hoxe concello de A Fonsagrada e as parroquias máis nororientais do concello de Navia de Suarna. Ademais, tódalas parroquias da xurisdición de Quiroga quedan administradas eclesiasticamente pola diocese *nullius* de Astorga e civilmente pola provincia de Ourense, converténdose en territorio singular no sur da actual


provincia de Lugo. Polo tanto, a efectos dos seus bordes, provincia e diocese de Lugo circunscriben áreas ben diferentes.

En verde, parroquias na provincia de Lugo pertencentes á diocese de Oviedo, 1826-1828, (Diccionario de Miñano)



E non son as únicas posesións da citada diocese *nullius* no Reino de Galicia, senón que soamente unha pequena parte. O groso do territorio que controla a diocese de Astorga atópase na provincia de Ourense. Cara 1830 obtemos o seguinte mapa diocesano, que é practicamente igual en toda a Idade Moderna, pois as parroquias que sinalamos como parte da diocese de Astorga para a primeira metade do S. XIX xa non aparecían baixo o bispo de Ourense no *tumbo* de 1489 da mesma diocese, onde se dá conta dos beneficios baixo a súa directa administración. O bispo de Ourense, na mesma tesitura, congregaba baixo o seu báculo parroquias máis alá dos límites provinciais, na actual provincia de Zamora (Hermisende, p. e.) ou no norte de Portugal (Tourem, p. e.).

Como vemos, o territorio máis oriental da actual provincia de Ourense conforma unha complexa administración ó longo da Idade Moderna, sendo o que máis modificacións territoriais presenta con respecto á actualidade.



En verde, parroquias da diocese nullius de Astorga en territorio galego, 1826-1828 (Diccionario de Miñano)

A confusión que supoñían estas singularidades entre a cartografía civil e eclesiástica coa nova administración liberal do S. XIX foi o elemento clave para que se puxeran os esforzos en arranxar os seus límites coas dioceses inmediatas e superpoñer na medida do posible os bordes diocesanos sobre os bordes das novas provincias, respectando na base poboacional a unidade das parroquias e dos concellos. Todo o proceso de acomodación dos lindes acométese na segunda metade do S. XIX -aínda no Diccionario de Madoz de 1850 obtéñense datos moi parecidos, proba de que a reforma non fora acometida-, onde se iniciará o camiño para a situación actual de ambas unidades administrativas.

En terceiro lugar, a xurisdición exercida pola Real Audiencia de Galicia. Concebida en 1480 polos Reis Católicos para rematar pola vía xudicial coas loitas internas do Reino de Galicia, dende o seu inicio se entende que exerce a autoridade real no territorio galego. Como método de investigación, todos aqueles lugares representados nas causas levadas ante este máximo tribunal na Galicia Moderna deberán ser atribuídos ó Reino de Galicia.

Isto permítenos realizar varias observacións. Por unha banda, analizar ata ónde chega a súa xurisdición nos bordes orientais das provincias de Mondoñedo, Lugo e Ourense, e os bordes meridionais de novo nesta última e na provincia de Tui – provincia

e diocese ben delimitada cara o sur polas augas do río Miño. Os resultados amósannos qué a xustiza da coroa chega con eficacia a todo o territorio do Reino. Incluso, se atendemos á Provisión de 7 de outubro do mesmo 1480 – ano fundacional da Real Audiencia-, sinálase que as facultades do citado tribunal esténdense territorialmente “*según e por la forma e manera que lo tienen en el dicho Reino de Galizia*” al Bierzo y Tierra de Valcarce (Fernández Vega: 1982, 254), se ben non se pode precisar aínda ata que momento se mantivo esta extralimitación expresada séculos atrás.

Os bordes do Reino están presentes nas causas atendidas ante o real tribunal, e incluso nalgunhas destas causas participan as poboacións do outro lado da divisoria, como constatamos por exemplo con Villarrubín, Castromil de Castilla da coroa de Castela ou Alcobças e Castro Leboreiro da coroa de Portugal.

Por outra banda, os territorios citados que fiscalmente contribuían na provincia de Valladolid en 1753 están claramente representados no tribunal, o que redunda na nosa apreciación da pertenza á provincia vallisoletana só por motivos de contribución, porque queda claro deste xeito que se as causas das mesmas poboacións eran atendidas ante a Real Audiencia e ésta atendía só as causas do Reino de Galicia – e excepcionalmente a Terra de Valcarce e o Bierzo –, as mesmas poboacións eran igualmente galegas a efectos xurisdicionais.

4. Unha reflexión entre a fronteira e o poder do Estado

O obxectivo da presente e breve comunicación é dobre: por unha banda coñecer o estado da fronteira do Reino de Galicia para finais do Antigo Réxime e, por outra banda, derivar as características dos bordes para reflexionar sobre o momento no que se atopa a construción do estado monárquico. Dúas cousas son evidentes:

As distintas administracións territoriais ó final da Idade Moderna non converxen, nin nas unidades territoriais que dirixen, nin nos límites das mesmas.

Incluso dentro da administración directa da monarquía se producen heteroxeneidades importantes: a fiscalidade

real das provincias galegas e a xurisdición do tribunal real en Galicia non administran territorios iguais.

Así as cousas, a fronteira – a pesares do que se poida pensar – non é inmutable nin posúe unha lóxica única: é cambiante no tempo e no espazo e, se ben se pode explicar, iso non significa que o proceso constitutivo da mesma fose único, nin tan sequera obvio.

Para mostra, as singularidades que presentan os bordes do Reino de Galicia na etapa xa final do Antigo Réxime. Cando falamos da fronteira para momentos anteriores á construción do Estado-Nación – ó longo do S. XIX – non se pode realizar unha análise como sí poderemos facer para a etapa posterior ata o presente. A diferenza fundamental está no Estado, pouco ou menos desenvolvido nun primeiro momento e cun réxime de monopolio – de competencias, da administración, da forza – para a etapa postdecimonónica. O camiño non se inicia dende cero no século XIX, pero sí se acelera acorde con outros factores como o crecemento da administración ou as posibilidades e innovacións das ciencias positivistas.

Hoxe en día, e claramente como un anacronismo a vencer, as fronteiras que funcionan para a delimitación da Comunidade Autónoma de Galicia coas comunidades autónomas de Asturias e Castela-León e coa fronteira estatal con Portugal, son liñas divisorias onde se superpoñen tódolos niveis da administración civil e eclesiástica, dende a parroquia á comunidade autónoma pasando pola provincia ou a diocese – salvando a excepción aínda vixente da diocese de Astorga –. Queda así taxativamente diferenciado o ámbito de acción de cada administración, precisamente para redundar no control do territorio e evitar as singularidades e ambigüidades dos territorios periféricos. Para un momento anterior ó século XIX, e sen ese monopolio exercido polo Estado, as análises administrativas ofrecen resultados e límites territoriais dispares.

Fontes

Respuestas Generales del Catastro del Marqués de la Ensenada. Consulta en rede: <http://pares.mcu.es/Catastro/servlets/ServletController>

Censo español executado por orden del Rey, comunicada por el Excelentísimo Señor Conde de Floridablanca, Madrid, Imprenta Real, 1787.

Diccionario geográfico-estadístico de España y Portugal, Imprenta de Pierart-Peralta, Madrid 1826-1828.

Diccionario geográfico-estadístico-histórico de España y sus posesiones de Ultramar, est. Literario Tipográfico de P. Madoz y L. Sagasti, 1845-1850.

Bibliografía

Fernández Vega, L. (1983), *La Real Audiencia de Galicia, órgano de gobierno en el Antiguo Régimen (1480-1808)*, Diputación Provincial de A Coruña, A Coruña.

Ríos Rodríguez, M^a L. (2010), *Memorial tumbo de parroquias e beneficios da diocese auriense (1489)*, Grupo Filatélico e Numismático de Noia, Noia (A Coruña).

Saavedra Fernández, P. (2013), *Demarcacións, topónimos, papeis, memoria. Sobre a división e o control do territorio na Galicia moderna*, Real Academia Galega.

Saavedra Fernández, P. (2009), “A rede parroquial desde finais do século XV ata mediados do XIX”, en García Pazos, F., *A parroquia en Galicia: pasado, presente e futuro*, Ed. Xunta de Galicia, Santiago de Compostela.

Torres Luna M^a P., **Pérez Fariña**, M^a L., **Santos Solla**, J. M., (1989) *Municipios y parroquias de Galicia*, Servicio de Publicacións e Intercambio Científico, Universidade de Santiago de Compostela, Santiago de Compostela.

Outros

Herbella de Puga, B. (1767), *Discurso sobre la necesidad de que se establezcan corregimientos en el Reino de Galicia...*, Santiago de Compostela.

Labrada, L. (1804), *Descripción económica del Reino de Galicia*, Ferrol.

Programa Mateus DOC

Apoios Sponsors



© **Instituto Internacional Casa de Mateus e autores individuais**

and individual authors

Todos os direitos reservados All rights reserved

Editado por Published by

IICM - Instituto Internacional Casa de Mateus

Casa de Mateus

5000-291 Vila Real

Portugal

T +351 259 323 121

F +351 259 326 553

info@iicm.pt

<http://www.iicm.pt>

Design

www.ic.com.pt

Depósito Legal n.º 327 162/11

ISBN 978-989-97281-1-0

ISSN 2182-1569 (impresso)

ISSN 2182-1577 (em linha)